



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000795

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica durante a celebración do Festival TouliñaPop 2026)

ANTECEDENTES

1. Proposta da Concellería de Cultura, de data 06.05.2026, motivando a suspensión dos obxectivos de calidade acústica en relación coa organización do Festival TouliñaPop o vindeiro 09.05.2026.
2. Certificación de impacto acústico AE/2305/01 na zona de afectación.
3. Considérase a inexistencia de sectores do territorio con predominio de uso sanitario na contorna do recinto de celebración dos concertos.

De acordo co disposto no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e no exercicio das competencias atribuídas por medio do artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- suspender provisionalmente os obxectivos de calidade acústica de aplicación, nos seguintes horarios:

Área acústica	Franxa horaria	Calendario de suspensión	Horario diario de suspensión
Vivendas próximas á Praza Irmáns Suárez Picallo	Tarde-noite	09 a 10 de maio de 2026	-Tarde: 21:30 – 23:00h -Noite: 23:00 – 02:00h

Segundo.- determinar como límite máximo de emisión aplicable durante o período de suspensión os 103 +/- 1 dB.

Terceiro.- determinar as seguintes medidas correctoras:

- a) Orientar as fontes de emisión sonoras cara a zonas libres de vivendas.
- b) Indicar ás diferentes empresas e formacións musicais implicadas a posibilidade de limitar o volume de emisión sonora para as diferentes actividades.

Cuarto.- publicar esta resolución no taboleiro de anuncios municipal o seu coñecemento público.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.